

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000326	CEIP Plurilingüe Montemogos	Bueu	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	5º Inf.	8	280

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

1. Introducción

Esta programación vai dirixida a alumnado de 5 de Educación Infantil do Ceip Plurilingüe Montemogos de Beluso no concello de Bueu. A aula conta cun total de 11 alumnos e alumnas, dos cales dous presentan necesidades educativas especiais, xa que van requirir ao longo de toda a escolarización determinados apoios e atencións educativas específicas.

O equipo docente de Educación Infantil está constituído pola mestra titora, unha mestra de apoio, un mestre especialista de música (que ten horas de apoio), unha mestra de inglés, un mestre de relixión católica, e unha mestra de educación física que imparte psicomotricidade. Así mesmo contará coa mestra de A.L. (compartida con outro centro) e a de P.T.

A programación da área de Comunicación e Representación da Realidade está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas (Crecemento en Harmonía e Descubrimento e Exploración da Contorna). Recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 5º de EI co fin máximo de promover nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan comezar a desenvolver ferramentas para comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coa contorna e coas demais persoas que a habitan.

Os obxectivos ao redor dos que se organizan as aprendizaxes desta área están orientados cara a tres aspectos fundamentais da comunicación: a expresión, a comprensión e a interacción para visibilizar as posibilidades comunicativas das diferentes linguaxes e formas de expresión, aínda que se lle concede un carácter prioritario ao proceso de adquisición da linguaxe verbal nas dúas linguas cooficiais.

A oralidade é o instrumento por excelencia para a comunicación; a expresión de vivencias, sentimentos, ideas ou emocións; a aprendizaxe e a regulación da conduta. Por iso, a súa adquisición e desenvolvemento ocupa un lugar de especial relevancia nesta etapa.

Tamén ten unha importancia fundamental que ten tamén nestes primeiros anos a comunicación non verbal.

Se creará un ambiente multialfabetizador rico que comprenda todas as linguaxes posibles e que estableza relacións entre elas, na busca de que o alumnado desenvolva a capacidade de realizar transferencias.

Se favorecerá unha primeira aproximación á lectura e á escritura através dun contexto de interacción con iguais e persoas adultas que exercen como modelos lectores e escritores, que espertarán a curiosidade, o interese e as ganas de explorar e de descubrir o seu significado social e cultural.

Iníciase tamén o achegamento á literatura infantil como fonte de gozo e empézase a tecer, desde a escoita dos contos, cancións no contexto cotián, un vínculo emocional e lúdico cos textos literarios.

Alfabetización dixital. As nenas e os nenos atópanse inmersos nunha sociedade na que o dixital afecta a nosa forma de comunicarnos, de obter información, de aprender ou de relacionarnos. É, polo tanto, responsabilidade da persoa docente establecer pautas para o desenvolvemento de hábitos de uso saudables das ferramentas e tecnoloxías dixitais

As linguaxes artísticas axudan a desenvolver a capacidade de construír conceptos, adquirir habilidades manuais e despregar a imaxinación.

A linguaxe musical permite o desenvolvemento de aspectos como a escoita atenta e activa e facilita, en gran maneira, a adquisición da linguaxe oral, a súa estruturación, ton, ritmo e entoación; a sensibilidade; a improvisación e o gozo a través da voz, do propio corpo ou dos xogos motores e sonoros.

Con respecto á linguaxe plástica, Con respecto á linguaxe plástica, nesta etapa adquiriranse e desenvolveranse de forma progresiva desde a descuberta sensorial dos materiais e o gozo polo efecto da pegada, ata a experimentación con diferentes técnicas e materiais para expresar ideas, emocións e sentimentos.

A linguaxe corporal permite o descubrimento de novas e persoais posibilidades expresivas que poden utilizarse cunha intención comunicativa, representativa ou estética e contribuirán ao autocoñecemento e á construción da identidade e ao coñecemento da realidade.

Para levar a cabo unha concreción dos elementos curriculares que irán en cada unidade ou proxecto adaptable a diferentes realidades de aula, establecemos categorías xerais que actuarán coma referencia para os centros de interese que cada mestra ou mestre escollerá, pero sempre favorecendo que xurdan dos intereses das nenas e nenos.

A temporalización das unidades proposta é orientativa e poderá ser modificada tendo en conta as realidades educativas de cada persoa mestra.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1				1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1	1		1			
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1		1	1			1	1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1		1				
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1			1		1		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aprendizaxe continua.	Esta unidade traballarase de xeito transversal durante todo o curso e complementará as outras unidades/categorías. Aquí atoparemos actividades relacionadas coas linguaxes coma medio de comunicación (assembleas, buscas de información, uso de medios dixitais) de expresión (conciencia fonolóxica, emprego de diferentes soportes) e de relación social (pautas de convivencia, autoregulación emocional....). Terán cabida nesta unidade todas as actividades que	50	X	X	X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aprendizaxe continua.	realizaremos de presentación de novos integrantes da clase, de dinámicas de cohesión de grupo, elaboración das normas da clase en gran grupo, rutinas... e todo aquilo que se repito ao longo do curso para favorecer as aprendizaxes máis básicas e elementais por parte do alumnado.	50	X	X	X
2	Así son eu	Traballamos coas alumnas ou alumnos o autocoñecemento. Poderemos levar a a cabo proxectos relacionadas co corpo humano, as súas funcións, singularidades, diversidade persoal, igualdade de xénero, coñecemento e expresión de emocións... Levaremos a cabo propostas centradas no coñecemento de vocabulario relacionado coas emocións así como a expresión de sentimentos. Iniciaremos ao alumnado na descricións de persoas, xogos de palabras e rimas...	50	X	X	X
3	Arte-llando.	Coñecemento e expresión de diferentes manifestacións artísticas, en calquera das linguaxes disponibles para o noso alumnado. Traballamos o PDI de centro imaxinARTE, adicado este ano ás artes plásticas. As diferentes linguaxes (oral, escrita, corporal, musical, plástica, e audiovisual) cobrarán gran importancia nos proxectos dentro desta categoría, así como as transferencias entre eles. Picasso e Luguís	50	X	X	X
4	O mundo vexetal.	O mundo vexetal, xa sexa a través do Coñecemento do mundo vexetal: A horta, Plantas da contorna. As actividades que primarán nesta categoría serán de adquisición de novo vocabulario, descrición dos pasos para levar a cabo diferentes accións, a descrición de procesos e fenómenos naturais...	20			X
5	O mundo animal.	Nesta categoría incluímos os proxectos adicados a un animal ou a un conxunto deles, a unha especie, a un contexto ou hábitat, a súa relación cos seres humanos... As actividades que primarán nesta categoría serán de adquisición de novo vocabulario, descrición de animais segundo as súas características singulares, así como a descrición do seu hábitat, elaboración de presentacións sinxelas para presentar información...	25		X	
6	Onde eu vivo	Nesta categoría poderemos levar a cabo proxectos relacionados coa contorna do alumnado, tanto a máis próxima, coma a relación que poida ter con outras. Tamén o traballo relacionado coa cultura, o patrimonio, as expresións culturais e máis aspectos relacionados. Primarán as actividades de consulta de fontes de información, adaptadas a súa idade, sobre diferentes temas para poder coñecer diferentes aspectos que poder difundir a través de diferentes producións en ambas linguas oficiais. Letras galegas 2023	40	X	X	X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	En xogo!	Esta unidade pertence á PDI do Centro, que será desenvolvida por todo o alumnado do mesmo e se ira relacionando con todas as conmemoracións e celebracións do centro. Traballarase de xeito transversal e globalizado durante todo o curso e complementará as outras unidades/categorías.	45	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aprendizaxe continua.	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	TI
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	É capaz de expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, e goza do proceso creativo.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	"Coñece as expresións de convencións sociais básicas e empregaas no intercambio comunicativo usando unha linguaxe respectuosa coas demais persoas.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica recoñecendo os diferentes sons da lingua e asóciaos con letras, sílabas e palabras.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Comprende as mensaxes emitidas por outras persoas.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	É quen de comunicarse por escrito, empregando códigos escritos.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria, respectando as normas de uso	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita con atención a lectura de textos literarios e goza compartindo ese momento coas compañeiras e compañeiros.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica amosando capacidade para percibir sons.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece, acepta e respecta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Interpretación da intención comunicativa das mensaxes. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. - Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.

Contidos

- Respecto polas producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
2	Así son eu	50

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	E quen de participar de maneira activa, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diversos tipos.	TI
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Fai aportacións de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo.	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito guiado.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria, respectando as normas de uso.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica amosando capacidade para percibir sons.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de danza e dramatización movendo o corpo de xeito libre e dirixido	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse corporalmente, empregando o corpo e o movemento, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Comunicación interpersoal: empatía e asertividade.
- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.

Contidos

- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.

UD	Título da UD	Duración
3	Arte-llando.	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Pode desenvolver as súas habilidades grafomotrices progresando no control e precisión.	TI
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas e culturais onde reflexa a súa imaxinación.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Realiza creacións plásticas empregando diferentes materiais e técnicas con interese	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións plásticas onde reflexa a súa imaxinación, ideas e emocións.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	É quen de valorar as producións dos demais de forma respectuosa, crítica e empática.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Realiza obras plásticas, empregando diferentes técnicas e materiais, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Explora e disfruta das posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É quen de adaptar de maneira harmónica o seu movemento aos demais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.

Contidos

- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.

UD	Título da UD	Duración
4	O mundo vexetal.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Fai algunha aprotación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, dinámicas de grupo,...)	TI
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Recoñece e comprende algunha palabra en ambas linguas oficiais.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Fai aportacións de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo.	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito guiado.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e respectando as normas de uso.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Recoñece e interactúa cos diferentes medios e ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.
- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.

UD	Título da UD	Duración
5	O mundo animal.	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Fai aportacións de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo.	TI
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Recoñece e comprende algunha palabra en ambas linguas oficiais.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Fai aportacións verbais.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo.	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito guiado.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria, respectando as normas de uso.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Percibe, identifica e recoñece os sons traballados.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Recoñece e interactúa cos diferentes medios e ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Comunicación interpersoal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas. - Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo. - Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais. - Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.

UD	Título da UD	Duración
6	Onde eu vivo	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Fai aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo.	TI
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Participa con interese e curiosidade mostrando respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Descubre e disfruta utilizando o vocabulario adquirido nas linguas cooficiais.	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito guiado.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo.	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito guiado.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria, respectando as normas de uso.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas onde reflexa a súa imaxinación.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas. - Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero. - Memorización e recitado de textos literarios. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas. - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.

UD	Título da UD	Duración
7	En xogo!	45

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Fai aportacións de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo.	TI
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria, respectando as normas de uso.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valora as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Recoñece e interactúa cos diferentes medios e ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas. - Respecto polas producións alleas. - Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na área que nos atopamos (CRR) sempre deberemos ter en conta a concepción positiva da infancia ao respecto das súas múltiples potencialidades comunicativas, e como aula e escola deberemos dar resposta creando as condicións para que as diferentes linguaxes se desenvolvan plenamente, sen considerar a ningunha por enriba das demais. Teremos sempre en consideración o deseño de situacións de aprendizaxe relativas aos intereses das nenas e dos nenos que respecten a necesaria transferencia dunhas linguaxes a outras, combinando as diferentes técnicas, recursos e materiais propios de cada unha para un mellor autoconecemento e comprensión da realidade. O emprego de diferentes linguas, con especial énfase nas da súa contorna, incorporadas ás rutinas cotiás xogos ou cancións que permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea.

Dentro da metodoloxía desta programación destacamos:

- Enfoque globalizador. Os nenos e as nenas adoitan un papel activo na formación da súa personalidade, na adquisición da súa autonomía, iniciativa e responsabilidade, do intercambio de puntos de vista, de compartir e construír coñecementos, expersar e argumentar as súas opinións, e buscar solucións creativas.
- O xogo como medio e fin das aprendizaxes. Destacar a importancia do xogo como actividade propia desta etapa xa que mentras o fan, manipulan obxectos nin espazo e nun tempo, crean, transforman, establecen relacións, etc, manifestando a través desta actividade lúdica as súas vivencias e experiencias afrontando novos niveis de relación e interacción.
- A contorna e a natureza como espazo vivo das aprendizaxes. O contacto coa natureza é unha necesidade básica da

infancia. Iremos aproveitar os recursos da contorna e da comunidade educativa para facer posible aprendizaxes significativas e conectadas coa vida e coas emocións.

- Aprendizaxes baseadas na vivenciación e na experimentación. Nesta programación empregárase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as persoas sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes. Ofrecendo sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Deben estar moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.

- Para conseguir máis significatividade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais...

Destacaremos os ambientes de aprendizaxe como espazos pensados e creados para desenvolver as potencialidades e as capacidades do alumnado:

- Sensorial e experimentación.
- Calma e tranquilidade.
- Lóxico matemático.
- De representación e comunicación.
- De construción.
- Xogo simbólico.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (escornabot, ozobot), reproductor musical
Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: mesa de luz, bandexas sensoriais, minimundos (area, fariña...)
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Currículum, P.E....
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres...
Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico
Comunidade educativa (Alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc)
Instrumentos musicais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será realizada ao comezar o curso e nos servirá para saber de que coñecementos e con que capacidades parten os alumnos e as alumnas. Entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicais, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Observación do estado físico, emocional e os coñecementos previos de cada alumna e alumno

Destacar a importancia da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temperá das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo maestro/a.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, se porá especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razonamento, atención, etc)

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, neste caso unha nena con diagnóstico TEA e que presenta afectación da linguaxe, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adequaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.
- Adecurar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.

- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e la atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións cortas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuales como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH
- Evitar tarefas repetitivas sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas ou inadecuadas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades facer este tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Valorar o esforzo , intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades.
- Ofrecer situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais,etc).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Hábitos de control corporal.	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de persoa experta.	A vistas de persoas expertas en distintos temas son muy interesantes para o alumnado polo que se programaran tanto a nivel de aula como en colaboración coa biblioteca	X	X	X
Contacontos	Os contacontos serán levados a cabo tanto por alumnado de cursos superiores como por outros membros da comunidade educativa aparte da titora	X	X	X
Saída de campo.	As saídas ao entorno formarán parte, cando o tempo o permita, do traballo da aula.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída de fin de curso	Actividade lúdica para conmemorar o final de curso e fomentar a autonomía e a convivencia social en enornos non habituais.			X
Obradoiros solidarios	Membros da comunidades poderán levar a cabo diferentes obradoiros co alumnado.	X	X	X
Proxectos medioambientais	Participaremos en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza.	X	X	X
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Elementos curriculares presentes nas actividades.
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
Temporalización de actividades adecuada.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Metodoloxía empregada
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Empréganse diversos recursos didácticos.
Medidas de atención á diversidade
Contéplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación das familias.

Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Valoración e seguimento trimestral da programación por parte de cada titora ou especialista.
Xuntanza en xuño do equipo de infantil para poñer en común os resultados.

9. Outros apartados